

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES REGULADORAS DO PREMIO DE PINTURA ESCOLAR MESTRE LAXEIRO (EDICIÓN ESPECIAL PIN DO COCIDO)

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 20 de setembro de 2017, acordou aprobar as seguintes

BASES REGULADORAS DO PREMIO DE PINTURA ESCOLAR MESTRE LAXEIRO (EDICIÓN ESPECIAL PIN DO COCIDO)

1.—OBJECTO

Con gallo da celebración da L^a Edición da Feira do Cocido e ao obxecto de promover a implicación e participación do alumnado do municipio na celebración deste importante evento -que o próximo ano cumprirá o seu medio século de historia- o Concello de Lalín convoca o Premio de Pintura Escolar Mestre Laxeiro, nunha edición especial para elixir o deseño do Pin conmemorativo do Cocido 2018.

Ao mesmo tempo, o premio trata de promover a creatividade e fomentar o gusto pola pintura entre os escolares dos centros educativos de Lalín.

O premio está dotado cun total de 1.740,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334.481.00 do orzamento municipal vixente.

2.—PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso o alumnado de Primaria matriculados en calquera dos centros educativos emprazados no Concello de Lalín, que presentarán as súas obras a través dos centros educativos.

Os centros educativos serán beneficiarios de premios segundo o disposto na base 6.

3.—TEMA

O tema do debuxo será o Pin do Cocido, un dos emblemas máis característicos da Feira do Cocido.



Luns, 9 de outubro de 2017

Núm. 194

O alumnado participante realizará as súas propostas tomando como base, claramente identificable, a figura do porco. O traballo elixido poderá ser empregado de maneira íntegra e exacta ou tomado como modelo coas modificacións que se consideren oportunas por parte do Concello para a elaboración do pin conmemorativo da Lª Edición da Feira do Cocido de Lalín.

4.—*TÉCNICA*

Para a elaboración dos traballos poderase empregar calquera tipo de técnica (acuarelas, rotuladores, lápices, ceras, témperas, etc.).

Os debuxos ou propostas de deseño presentaranse no formato de cartolina DIN-A4 ou similar.

No reverso das obras farase constar o nome e idade do autor ou autora, así como o curso no que está matriculado e o centro onde cursa os seus estudos.

5.—*PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS*

Os participantes deberán entregar o seu traballo no centro educativo no que estean matriculados.

Será o propio centro educativo o que fará chegar ao Concello de Lalín os traballos, coa súa entrega no Museo Municipal “Ramón Mª Aller”, de luns a venres, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

6.—*PRAZO*

As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que lle dará traslado ao BOPO do seu extracto.

O prazo de presentación dos traballos rematará o 3 de novembro de 2017.

7.—*PREMIOS*

Establécense dous premios a título individual aos alumnos participantes e dous aos centros educativos:

Primeiro premio categoría individual:

Concederáse á proposta mellor valorada polos membros do xurado, e que se tomará como base para a elaboración do Pin do Cocido 2018.

Consistirá nunha tablet e un lote de libros (valorados nun máximo de 300 euros) e un diploma acreditativo.



Segundo premio categoría individual:

Concederáse á segunda proposta mellora valorada polos membros do xurado.

Consistirá nun e-reader e un lote de libros (valorados nun máximo de 200 euros) e un diploma acreditativo.

Premio ao centro educativo que, a xuízo do xurado, presente a maior calidade do conxunto da obra presentada polo alumnado

Consistirá nun premio en metálico de 620 euros.

Premio ao centro educativo no que estea matriculado o alumno ou alumna cuxo traballo se utilice para a elaboración do deseño do Pin do Cocido

Consistirá nun premio en metálico de 620 euros.

Unha vez coñecido o fallo do xurado, os colexios deberán identificar aos representantes legais dos alumnos premiados nas dúas categorías individuais.

A concesión dos premios será obxecto de aprobación pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín.

8.—XURADO

O xurado do concurso, cuxa composición se dará a coñecer una vez remate o prazo de presentación das propostas, estará formado por representantes do Concello de Lalín e persoeiros do mundo das artes.

Ademais de decidir o traballo gañador, o xurado seleccionará a maiores unha serie de obras das presentadas ao concurso ao obxecto de realizar unha exposición das mesmas.

9.—CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado valorará os traballos presentados en función ao respecto á temática obxecto dos presentes premios, á creatividade e á calidade artística dos mesmos.

10.—ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso suporá a plena aceptación das presentes bases, cuxa interpretación corresponde aos membros do xurado.

A obra premiada pasará a ser propiedade do Concello de Lalín, que poderá reproducila sempre que o considere necesario en calquera tipo de soporte ou técnica.



Luns, 9 de outubro de 2017

Núm. 194

11.—*RECURSOS*

A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lalín, 21 de setembro de 2017.

O Alcalde

Rafael Cufía Aparicio.

Código seguro de verificación: YG4J5FDVCU79VSK

